

# MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

**14806** *REAL DECRETO 1318/2008, do 24 de xullo, polo que se modifica o Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto 2486/1998, do 20 de novembro. («BOE» 220, do 11-9-2008.)*

Este real decreto ten por obxecto a adecuación do Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto 2486/1998, do 20 de novembro, ao novo marco contable aplicable ás entidades aseguradoras en virtude do Real decreto 1317/2008, do 24 de xullo, polo que se aproba o Plan de contabilidade das entidades aseguradoras, e á Lei 16/2007, do 4 de xullo, de reforma e adaptación da lexislación mercantil en materia contable para a súa harmonización internacional con base na normativa da Unión Europea. Así mesmo, incorpóranse ao texto regulamentario certos axustes técnicos necesarios para a súa adecuación á problemática de novos produtos de seguros.

Esta norma conta cun artigo único, que modifica os preceptos do Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, e dúas disposicións derradeiras, que recoñecen o carácter básico da norma e a súa entrada en vigor.

En concreto, o artigo único, en primeiro lugar, amplía o contido do artigo 37 habilitando o Ministerio de Economía e Facenda para o desenvolvemento do réxime da provisión de seguros de vida, no caso dos seguros referenciados distintos daqueles en que o tomador asume integralmente o risco de investimento.

En segundo lugar, modifica o artigo 59 relativo ao patrimonio propio non comprometido coa finalidade de adaptar este artigo á nova regulación contable, tanto no que se refire á nova terminoloxía utilizada no Plan de contabilidade das entidades aseguradoras, como no relativo ao novo tratamento contable de determinadas partidas.

En terceiro lugar, adapta a redacción do artigo 82, que recolle as causas de disolución de entidades aseguradoras, ao contido establecido no artigo 36.1.c) do Código de comercio, na redacción dada pola Lei 16/2007, do 4 de xullo.

Finalmente, engade unha disposición adicional décima ao texto regulamentario co obxecto de adaptar a súa terminoloxía á do Plan de contabilidade das entidades aseguradoras.

A disposición derradeira primeira precisa o carácter básico desta norma e a disposición derradeira segunda concreta a súa entrada en vigor.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Economía e Facenda, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 24 de xullo de 2008,

DISPONGO:

**Artigo único.** *Modificación do Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto 2486/1998, do 20 de novembro.*

O Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto 2486/1998, do 20 de novembro, queda modificado como segue:

Un. O artigo 37 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 37. *Provisión de seguros de vida cando o tomador asume o risco do investimento e asimilados.*

1. A provisión dos seguros de vida en que contractualmente se estipulase que o risco de investimento será soportado integralmente polo tomador será determinada en función dos activos especificamente afectos ou dos índices ou activos que se fixasen como referencia para determinar o valor económico dos seus dereitos. Non serán aplicables ao cálculo desta provisión as disposicións establecidas no artigo 33 deste regulamento.

2. Efectuaranse as dotacións á provisión de seguros de vida que procedan para reflectir os riscos derivados destas operacións que non sexan efectivamente asumidos polo tomador. En particular, poderanse considerar coberturas estáticas ou dinámicas baixo escenarios prudentes de variación das hipóteses involucradas, nos termos que establece o Ministerio de Economía e Facenda.»

Dous. O artigo 59 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 59. *Patrimonio propio non comprometido.*

1. O patrimonio propio non comprometido, para os efectos da marxe de solvencia individual, a que se refire o artigo 17.2 da lei, comprende as partidas que a continuación se relacionan, deducidos os elementos inmateriais que se sinalan no número 2 deste artigo:

Un. Con carácter xeral, terán a consideración de patrimonio propio non comprometido as seguintes partidas:

a) O capital social desembolsado excluída a parte deste recollida na alínea e) seguinte, ou o fondo mutual.

No caso de que a entidade aseguradora financie os seus socios directamente ou a través de participacións no capital de sociedades ou de persoas físicas que exerzan control directo ou indirecto sobre aquela, o importe computable por esta alínea a) corresponderase coa posición neta investidora dos ditos socios.

No caso de entidades aseguradoras autorizadas para a xestión de fondos de pensións, a cantidade computable na marxe de solvencia por esta alínea a) minorarase no importe do capital social desembolsado afecto a tal actividade previsto na normativa reguladora de plans e fondos de pensións.

b) A reserva de revalorización, prima de emisión e outras reservas patrimoniais libres que non correspondan aos compromisos subscritos nin fosen clasificadas como reservas de estabilización. Terán tal consideración, salvo que o seu importe fose comprometido para atender calquera compromiso específico, a reserva de revalorización de inmobles derivada da primeira aplicación do Plan de contabilidade das entidades aseguradoras adaptado ao marco normativo das Normas internacionais de información financeira adoptadas polos regulamentos da Unión Europea e a reserva por fondo de comercio.

Será aplicable respecto destas partidas o indicado no segundo inciso da alínea a) precedente.

En todo caso, excluíranse deste punto, na medida en que o seu importe non se deducise xa noutras rúbricas, os seguintes conceptos:

1.º As reservas que se constitúan en cumprimento do disposto nos artigos 79.3 e 80.1, texto refundido da Lei de sociedades anónimas, aprobado

polo Real decreto legislativo 1564/1989, do 22 de decembro.

2.º O importe das accións propias ou da sociedade dominante adquiridas ou aceptadas en peñor ou outra forma de garantía, directamente pola entidade ou indirectamente a través de persoa ou sociedade interpоста, así como o importe dos financiamientos a terceiros cuxo obxecto sexa a adquisición de accións propias, na medida en que non se constituísen as reservas a que se refire o parágrafo 1.º anterior.

3.º As reservas que se correspondan cos recursos propios mínimos exixidos pola normativa reguladora de plans e fondos de pensións.

c) O remanente e a parte do saldo acreedor da conta de perdas e ganancias que se destine a incrementar os fondos propios da entidade. Para estes efectos, deducirase o saldo debedor da partida «Reserva de estabilización á conta» prevista no Plan de contabilidade das entidades aseguradoras.

d) As achegas non reintegrables de socios ou mutualistas que figuren no patrimonio neto do balance, cando cumpran os seguintes requisitos:

1.º Que os estatutos da entidade prevegan que a súa devolución non ocasione un descenso do patrimonio propio non comprometido por debaixo da contía mínima da marxe de solvencia e que, en caso de liquidación da entidade, soamente se farán efectivos despois de liquidar todas as demais débedas da empresa.

2.º Que a súa devolución se lle notifique á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións cun mes de antelación ao seu pagamento, podendo prohibilo mediante resolución motivada no prazo dun mes desde que a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións tivese coñecemento da notificación da empresa.

3.º Que as disposicións dos estatutos, así como as súas modificacións, referentes a esta partida sexan aprobadas pola Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

e) A parte do capital social correspondente ás accións sen voto reguladas na sección 5.a do capítulo IV do texto refundido da Lei de sociedades anónimas, aprobado polo Real decreto legislativo 1564/1989, do 22 de decembro, e os financiamientos subordinados, ata un límite máximo do 50 por cento, ben do patrimonio propio non comprometido, incluídas as ditas partidas, ben da contía mínima da marxe de solvencia se esta for menor.

Os financiamientos subordinados deberán cumprir as seguintes condicións, que se farán constar nos contratos e folletos de emisión:

1.º Existirá acordo vinculante por cuxa virtude, para efectos da prelación de créditos, os acredores por este concepto se sitúen detrás de todos os acredores comúns.

2.º Unicamente se tomarán en consideración os fondos efectivamente desembolsados.

3.º Cando se trate de préstamos a prazo fixo, o prazo inicial será de cinco anos, como mínimo. Se non tivese sido fixada a data do seu vencemento, deberá terse estipulado para a súa retirada total ou parcial un aviso previo de, cando menos, cinco anos.

Tanto nun como noutro caso, desde o momento en que o seu prazo remanente sexa de cinco anos, e durante eses cinco anos, reducirán o seu cómputo como patrimonio propio a razón dun 20 por cento anual, ata que o seu prazo remanente sexa inferior a

un ano, momento en que deixarán de se computar como tales.

4.º Non poderán conter cláusulas de rescate, reembolso ou amortización anticipada, sen prexuízo de que o debedor poida proceder ao reembolso anticipado se con iso non se ve afectada a solvencia da entidade, logo de autorización da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

As accións sen voto computaranse polo seu capital desembolsado.

Os financiamientos subordinados de duración determinada non se poderán computar por un importe superior ao 25 por cento ben do patrimonio propio non comprometido, ben da contía mínima da marxe de solvencia, se esta for menor.

f) Os financiamientos de duración indeterminada, distintos dos mencionados na alínea e) precedente, cando cumpran os requisitos seguintes:

1.º Non serán reembolsables por iniciativa do acreedor ou sen o acordo previo da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

2.º O contrato de emisión deberá dar á entidade de seguros a posibilidade de diferir o pagamento dos xuros.

3.º Existirá acordo vinculante por cuxa virtude, para efectos da prelación de créditos, os acredores por este concepto se sitúen detrás de todos os acredores comúns.

4.º No contrato de emisión estipularase que a débeda e os xuros pendentes de pagamento se poderán aplicar a absorber as perdas da entidade, sen necesidade de proceder á súa disolución.

5.º Unicamente se tomarán en consideración os fondos efectivamente desembolsados.

Os financiamientos de duración indeterminada recollidos nesta alínea, máis os financiamientos subordinados da alínea e) precedente, estarán sometidas, para os efectos deste artigo, a un límite conxunto do 50 por cento ben do patrimonio propio non comprometido, ben da contía mínima da marxe de solvencia, se esta for menor.

g) Así mesmo, incluíranse, con signo positivo ou negativo, os «Axustes por cambios de valor» que forman parte do patrimonio neto.

Dous. Poderanse computar como patrimonio propio non comprometido as seguintes partidas:

a) A metade da parte de capital social subscrito pendente de desembolso, ata un límite máximo do 50 por cento ben do patrimonio propio non comprometido, ben da contía mínima da marxe de solvencia, se esta for menor.

b) Nos ramos de seguros distintos ao de vida, o 50 por cento da derrama pasiva, cando sexa exixible aos mutualistas, nos termos do artigo 9.2.e) da lei, co límite do 50 por cento das primas netas de anulacións do seguro directo. Este sumando non poderá exceder a metade do patrimonio propio non comprometido, computando as partidas do número un e das alíneas a) e c) deste número dous, e deducidos os elementos indicados no número 2 deste artigo, ou da metade da contía mínima da marxe de solvencia, se esta for menor.

c) As plusvalías non recoñecidas pola entidade en contas resultantes da infravaloración de elementos do activo, logo de dedución de todos os gastos que puidesen incidir no seu importe final, sempre que non se realizasen axustes correctores de asimetrías contables.

Naqueles casos en que se practicasen axustes correctores de asimetrías contables:

i. Non se computarán as plusvalías netas acumuladas, fosen ou non recoñecidas pola entidade en contas, que procedan de activos nos seguintes casos:

Operacións de seguro de vida que utilicen as técnicas de inmunización financeira previstas na normativa de ordenación e supervisión.

Operacións de seguro que recoñezan participación en beneficios sempre que exista unha clara identificación dos activos a ela vinculados, no importe correspondente aos tomadores.

Operacións de seguro en que o tomador asuma o risco do investimento ou asimilados.

ii. Computaranse as plusvalías netas acumuladas, fosen ou non recoñecidas pola entidade en contas, que procedan de activos asignados a operacións de seguro distintas das previstas na alínea i anterior e que referencien o seu valor de rescate ao valor dos activos a elas asignados.

O cómputo de plusvalías resultantes da infravaloración de elementos do activo cualificados como non aptos para o investimento das provisións técnicas requirirá unha solicitude expresa á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

d) As comisións descontadas que tecnicamente resulten pendentes de amortización co límite por póliza do 3,5 por cento da diferenza entre o capital asegurado e a provisión matemática, e delas deducirase, se é o caso, o importe das comisións descontadas activadas.

2. Para efectos do regulado neste artigo, consideraranse como elementos inmateriais para deducir no cálculo da marxe de solvencia os elementos que carezan de valor de realización ou que, pola súa falta de permanencia, se poida fundamentamente presumir que non se axustan aos fins da lei e deste regulamento.

En todo caso, deduciranse no cómputo do patrimonio propio non comprometido as seguintes partidas:

a) O saldo debedor da conta de perdas e ganancias.

b) Os resultados negativos de exercicios anteriores.

c) As minusvalías non recoñecidas pola entidade en contas resultantes da sobrevaloración dos elementos de activo e da infravaloración de elementos de pasivo, sempre que non se realizasen axustes correctores de asimetrías contables.

Naqueles casos en que se practicasen axustes correctores de asimetrías contables:

i. Deduciranse as minusvalías netas acumuladas, fosen ou non recoñecidas pola entidade en contas, derivadas de activos nos seguintes casos:

Activos de renda variable asignados a operacións de seguro de vida que utilicen as técnicas de inmunización financeira previstas no artigo 33.2.b) deste regulamento.

Activos que sirvan de referencia para determinar o valor de rescate, vinculados a operacións distintas das previstas no artigo 33.2 deste regulamento.

Activos asignados a operacións de seguro que recoñezan participación en beneficios sempre que exista unha clara identificación dos activos a ela vinculados, no importe correspondente aos tomadores.

ii. Non se deducirán as minusvalías netas acumuladas, fosen ou non recoñecidas pola entidade en contas, que procedan de activos asignados a operacións de seguro distintas das previstas na alínea i anterior, nos seguintes casos:

Operacións de seguro de vida que utilicen as técnicas de inmunización financeira previstas na normativa de ordenación e supervisión.

Operacións de seguro en que o tomador asuma o risco do investimento ou asimilados.

d) As participacións iguais ou superiores ao 20 por cento do capital ou dereitos de voto da participada que a entidade aseguradora teña noutras entidades aseguradoras ou reaseguradoras, en entidades de crédito, en empresas de servizos de investimento ou en entidades cuxa actividade principal consista en ter participacións en entidades aseguradoras.

e) Os financiamentos subordinados ou outros valores computables no patrimonio propio non comprometido emitidos polas entidades mencionadas na alínea precedente e adquiridos pola entidade aseguradora.

3. As deducións recollidas no número 2 anterior serán efectuadas polo seu valor nos libros da entidade tedora.

Como alternativa á dedución dos elementos previstos nas alíneas d) e e) do número 2 que a entidade aseguradora posúa en entidades de crédito, empresas de servizos de investimento e calquera entidade do sector financeiro, as aseguradoras poderán aplicar os métodos do anexo do Real decreto 1332/2005, do 11 de novembro, de desenvolvemento da Lei 5/2005, do 22 de abril, de supervisión dos conglomerados financeiros e pola que se modifican outras leis do sector financeiro. O método 1 (consolidación contable) soamente se aplicará cando as entidades incluídas no ámbito de aplicación da consolidación contén cun nivel de xestión integrada e de control interno conforme o disposto no artigo 110. O método que se elixa deberase aplicar posteriormente de forma coherente.

En todo caso, as entidades integrantes de grupos aseguradores e de conglomerados financeiros suxeitos a supervisión adicional, poderán non deducir os elementos previstos nas alíneas d) e e) do número 2 que posúan en entidades de crédito, empresas de investimento, empresas de seguros ou de reaseguros ou sociedades de carteira de entidades de seguros incluídas no ámbito da supervisión adicional.

4. No caso de entidades aseguradoras autorizadas a realizar operacións de seguro directo distinto do seguro de vida e operacións de seguro de vida, os límites citados neste artigo aplicaranse separadamente para cada actividade.

5. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderá axustar a valoración dos elementos a que se refire o número 1 cando estes deixen de ter, total ou parcialmente, a condición de patrimonio propio non comprometido.

6. O ministro de Economía e Facenda poderá adaptar as partidas que conforme este artigo, se deben considerar no cálculo do patrimonio propio non comprometido, ás modificacións que por normativa comunitaria se introduzan respecto da relación de tales elementos e respecto das condicións ou requisitos para o seu cómputo.»

Tres. O artigo 82 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 82. *Causa de disolución.*

1. Son causas de disolución das entidades aseguradoras:

1.<sup>a</sup> A revogación da autorización administrativa que afecte todos os ramos en que opera a entidade. Non obstante, a revogación non será causa de disolución cando a propia entidade renuncie á autorización administrativa e veña unicamente motivada esta renuncia pola modificación do seu obxecto social para desenvolver unha actividade distinta ás enumeradas no artigo 3 deste regulamento.

2.<sup>a</sup> A cesión xeral da carteira de contratos de seguro cando afecte a totalidade dos ramos en que opera a entidade. No entanto, a cesión de carteira non será causa de disolución cando na escritura pública de cesión a cedente manifeste a modificación do seu obxecto social para desenvolver unha actividade distinta ás enumeradas no artigo 3 deste regulamento.

3.<sup>a</sup> Ter quedado reducido o número de socios, nas mutuas e cooperativas de seguros e nas mutualidades de previsión social, a unha cifra inferior ao mínimo legalmente exixible.

4.<sup>a</sup> Non realizar as derramas pasivas conforme exixen os artigos 9 e 10 da lei e concordantes deste regulamento.

5.<sup>a</sup> As causas de disolución enumeradas no artigo 260 do texto refundido da Lei de sociedades anónimas. Tratándose de mutuas de seguros e de mutualidades de previsión social, as referencias que neste precepto se fan á Xunta xeral e ao capital social deberán entenderse feitas á Asemblea xeral e ao fondo mutual, respectivamente. Non obstante, ás cooperativas de seguros seranlles de aplicación as causas de disolución recollidas na súa lexislación específica.

2. Para efectos do previsto no número anterior, entenderase por:

a) Patrimonio neto, o patrimonio neto definido no artigo 36.1.c) do Código de comercio máis o financiamento subordinado a que se refire o artigo 59 deste regulamento.

b) Capital social, o capital social subscrito.»

Catro. Inclúese unha disposición adicional décima coa seguinte redacción:

«Disposición adicional décima. *Adaptación á terminoloxía do Plan de contabilidade das entidades aseguradoras.*

Para os efectos desta norma e das súas disposicións de desenvolvemento, as referencias feitas ao valor de mercado dos activos e pasivos entenderanse realizadas ao valor razoable destes, definido no Plan de contabilidade das entidades aseguradoras. Así mesmo, as referencias feitas ao prezo de adquisición dos activos entenderanse realizadas ao valor inicial polo que se recoñeceron contablemente os ditos activos, de acordo co establecido no Plan de contabilidade das entidades aseguradoras.»

#### **Disposición derradeira primeira. *Carácter básico.***

Conforme o establecido na disposición derradeira primeira do texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto legislativo 6/2004, do 29 de outubro, as disposicións contidas neste real decreto teñen a consideración de bases da ordenación dos seguros ditas ao abeiro do artigo 149.1.11.<sup>a</sup> da Constitución.

#### **Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.***

Este real decreto entrará en vigor o 31 de decembro de 2008.

Dado en Palma de Mallorca o 24 de xullo de 2008.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente segundo do Goberno  
e ministro de Economía e Facenda,  
PEDRO SOLBES MIRA

## MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**14914** *REAL DECRETO 1432/2008, do 29 de agosto, polo que se establecen medidas para a protección da avifauna contra a colisión e a electrocución en liñas eléctricas de alta tensión. («BOE» 222, do 13-9-2008.)*

A crecente demanda de enerxía eléctrica exige o incremento do número de liñas e tendidos eléctricos instalados no medio natural que, por falta dunha normativa específica, carecen dos necesarios elementos ou das adecuadas medidas protectoras que aseguren a súa inocuidade para as aves, co subseguinte risco de electrocución ou de colisión destas nas ditas infraestruturas, sobre todo, para algunhas especies incluídas no Catálogo Español de Especies Ameazadas, regulado no artigo 55 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade.

Neste contexto, as investigacións actuais sobre as causas de mortalidade non natural máis frecuentes na avifauna, puxeron de manifesto que, entre as principais, se encontran a electrocución e a colisión nas estruturas de condución eléctrica, ata o punto de supor actualmente o principal problema de conservación para especies tan emblemáticas como a aguia imperial ibérica, a aguia perdicera ou outras grandes rapaces. A electrocución afecta tamén moitas especies máis comúns, coma aguias reais, aguias albelas, aguias caudais, miñatos queimados, azores, miñatos comúns, cegoñas e bufos reais, por citar algunhas das especies máis afectadas. Calcúlase que, cando menos, varias decenas de miles de aves morren cada ano en España debido aos tendidos eléctricos; ao mesmo tempo, estas anomalías levan consigo cortes e irregularidades na distribución eléctrica. Todo isto aconsella adoptar cantas medidas electrotécnicas sexan posibles para evitar ou cando menos reducir a citada mortalidade.

Cúmrese así o mandato constitucional contido no artigo 45 da nosa Carta Magna, e tamén se estará cumprindo o compromiso adquirido por España coa adhesión ao Convenio relativo á conservación da vida silvestre e do medio natural en Europa, feito en Berna o 19 de setembro de 1979, e ratificado o 13 de maio de 1986, que recoñece a necesidade de adoptar medidas para levar a cabo políticas nacionais de conservación da flora e fauna silvestres e dos hábitats naturais, cuxas medidas deben ser apropiadas para protexer, sobre todo, as especies ameazadas.

Por outro lado, a citada Lei 42/2007, do 13 de decembro, que ten por obxecto o establecemento de normas de protección, restauración, conservación e mellora dos recursos naturais e, en particular, dos espazos naturais e da flora e fauna silvestres, no seu artigo 52, prevé que se adopten as medidas necesarias para garantir a conservación das especies que viven en estado silvestre.